

TERMINAL DE AUTOBUSES INTEGRADA NA ESTACIÓN INTERMODAL DA CORUÑA

A mellora da conexión intermodal na Coruña é unha operación promovida pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a través da Dirección Xeral de Mobilidade e financiada polo **Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea - Next Generation.**



A actuación consiste na execución dunha nova estación de autobuses en terreos anexos á actual estación de ferrocarril da Coruña - San Cristóbal de maneira que ambas as estacións xuntas conformen unha área intermodal que integre o transporte público de viaxeiros en autobús co transporte público de viaxeiros en ferrocarril na cidade da Coruña.

Os obxectivos perseguidos son:

- Mellorar a calidade ambiental ao potenciar o uso do transporte público en detrimento do vehículo privado e facilitar unha mobilidade urbana sostible.
- Incrementar os usuarios do transporte público.
- Favorecer a permeabilidade na contorna da área intermodal e contribuír a facer cidade

A actuación foi tramitada segundo o disposto na **Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, da Comunidade Autónoma de Galicia.**

O 25 de maio de 2021 asinouse o convenio entre o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e a entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), para o desenvolvemento dunha área de intermodalidade de transporte de viaxeiros na Coruña - San Cristóbal e a súa contorna urbana.

O obxectivo fundamental que se persegue coa actuación é promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable, mediante a execución dunha área intermodal na Coruña que poña á disposición dos usuarios a posibilidade de combinar diferentes modos de mobilidade sustentable (ferrocarril, autobús colectivo, bicicleta, a pé...) dunha maneira rápida e eficiente e cun menor custo ambiental e económico.

Así mesmo, perséguese mellorar a permeabilidade transversal da cidade na contorna da estación de ferrocarril da Coruña - San Cristóbal, mellorando a conexión peonil e ciclista entre os barrios e a conexión entre a estación de ferrocarril e a nova estación de autobuses, integrando unha rede de mobilidade sustentable.

O 22 de marzo de 2022 asinouse o convenio entre a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e a Entidade Pública Empresarial ADIF, para a execución da terminal de autobuses, o aparcadoiro de turismos e os elementos comúns da remodelación da estación ferroviaria na súa integración nunha área de intermodalidade de transporte de viaxeiros na Coruña - San Cristóbal.

Seguindo os compromisos adquiridos, a Xunta de Galicia no impulso desta infraestrutura estratéxica para a cidade, asinou os seguintes contratos no marco desta operación financiada polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea - Next Generation:


- Contrato de servizo para a redacción dos proxectos básicos e de execución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal da Coruña - San Cristóbal.
- Contrato de servizo para a redacción da memoria integradora para a licitación do proxecto da terminal de autobuses integrada na área intermodal da Coruña - San Cristóbal e o proxecto de elementos comúns da remodelación da estación A Coruña - San Cristóbal.
- Contrato de obra para a execución do proxecto da terminal de autobuses integrada na área intermodal da Coruña - San Cristóbal e o proxecto de elementos comúns da remodelación da estación A Coruña - San Cristóbal.
- Contrato de servizo de dirección de obra para a execución do proxecto da terminal de autobuses integrada na área intermodal da Coruña - San Cristóbal e o proxecto de elementos comúns da remodelación da estación A Coruña - San Cristóbal.
- Contrato de servizo de dirección de execución de obra e coordinación de seguridade e saúde para a execución do proxecto da terminal de autobuses integrada na área intermodal da Coruña - San Cristóbal e o proxecto de elementos comúns da remodelación da estación A Coruña - San Cristóbal.

O conxunto intermodal completarase coa remodelación da estación ferroviaria promovida polo ADIF e a reurbanización da Avenida Sardiñeira e da Avenida do Ferrocarril promovidas polo Concello da Coruña.


Descrición da actuación

A actuación consiste na construción dunha nova terminal de autobuses que se localizará ao carón da actual estación de ferrocarril, no espazo existente entre a avenida da Sardiñeira e as vías ferroviarias. Deste modo, a área intermodal da Coruña - San Cristóbal integrará a actual estación de ferrocarril e a nova estación de autobuses, localizándose nunha única parcela os servizos de ferrocarril e de autobús interurbano.

O edificio da terminal de autobuses concíbese a partir dun único plano en paralelo á avenida da Sardiñeira e á traza ferroviaria.




Baixo este plano localízanse os usos propios da estación, tanto o edificio de viaxeiros como a zona de dársenas e de circulación de autobuses. Así mesmo, a cuberta recolle e integra o desembarco da pasarela peonil, que provén da avenida do Ferrocarril e discorre á mesma cota da propia terminal. A un nivel inferior, baixo o edificio de viaxeiros e as dársenas, dispónse un aparcadoiro de vehículos.



O **edificio** concíbese en dous niveis:

- No superior, ao que se accede desde a avenida da Sardiñeira, a cota +38,00, localízase a terminal de autobuses propiamente dita, composta polo edificio de viaxeiros e a zona de dársenas. Neste nivel atópase tamén a pasarela peonil de comunicación coa avenida do Ferrocarril.
- No inferior, a cota +31,00, ao que se accede desde o extremo oposto da terminal, desde o vestíbulo, sitúase a zona de comunicación coa estación de ferrocarril, e o acceso ao aparcamento, o cal se proxecta tamén a esta cota.



O **edificio de viaxeiros** organízase ao redor dun espazo de circulación e espera, ao redor do cal se dispoñen diferentes estancias que configuran o edificio, tales como cafetería, despachos de billetes, aseos, sala para o control e funcionamento, etc. Ao longo de todo este espazo ábrese unha gran ventá con vistas cara á estación de ferrocarril. Ademais, proxéctase unha entreplanta destinada a aloxar unha sala de instalacións, de acceso restrinxido.

Desde o edificio de viaxeiros, sen cambiar de cota, accédese directamente á zona das dársenas.



O **aparcadoiro**, situado na cota +31,00, baixo a zona de dársenas e o edificio de viaxeiros, disporá dun mínimo de 500 prazas de estacionamento.

Dentro deste contrato de obra, a Xunta de Galicia está a executar tamén a actuación correspondente ao proxecto de elementos comúns da remodelación da estación da Coruña - San Cristóbal redactado polo ADIF.

As obras para adecuación da intermodalidade iniciáronse **en setembro de 2022** estando prevista a súa **finalización no ano 2025**.

O custo total das actuacións promovidas pola Xunta de Galicia rolda os **45,06 M€**, dos que a Xunta achega 20,57 M€, o Concello da Coruña 14,05 M€ e o ADIF 10,44 M€.

As tres administracións financian a súa participación dentro do **Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea - Next Generation**.